

MEMORIA FINAL

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA CURSO 2022-2023

ÍNDICE:

1. Organización do Departamento.....1
2. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica.....2
3. Análise dos resultados do alumnado e do grao de desenvolvemento da programación didáctica.....3
4. Propostas de mellora.....15

1. Organización do Departamento.

O Departamento de Lingua galega e Literatura do IES Santa Irene de Vigo estivo constituído no curso 2022-2023 polo profesorado que a continuación se relaciona:

PROFESOR/A	CURSOS IMPARTIDOS	TITORÍA	CARGO
M. ^a Montserrat Fernández Fraga	1º Bac. adultos (F) 2º Bac. adultos (F, G e H) ESA IV	ESA IV	
Susana Ferreiro García	Oratoria 2º ESO Oratoria 3º ESO		Xefa de Estudos de adultos (nocturno)
Araceli González Andrade	3º ESO (C) 1º Bac. (D e E) 2º Bac. (A e C)		Coordinadora do EDLG
Irene Romero Iturralde	1º ESO (A, B e C) 2º ESO (A e C)	1º ESO C	
Xabier Xil Xardón (substituta: Tamara Cabezas Rial)	2º ESO (Agrupamento e B) Exención francés 2º A 2º Bac. (B, D e E)	2º Bac. B	
Rosa Vázquez Rivadulla	4º ESO (A, B e C)	4º ESO B	
M. ^a Pilar Gómez Fernández	3º ESO (A e B) 1º Bac. (A, B e C)	3º ESO A	Xefa de Departamento

2. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica.

Introducíronse modificacións para dar resposta á *Orde de 27 de decembro de 2022* de modificación da *Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar na Comunidade Autónoma de Galicia*. Estes cambios consistiron, en liñas xerais, na eliminación das actividades de reforzo, recuperación e ampliación que estaban deseñadas para o período que ía entre o final da 3ª avaliación e a avaliación final na ESO.

3. Análise dos resultados do alumnado e do grao de desenvolvemento da programación didáctica.

1º ESO

GRUPO	TOTAL ALUMNADO	ALUMNADO SUSPENSO	ALUMNADO APROBADO
1º ESO A	29	2 (7%)	27 (93%)
1º ESO B	31	0	31 (100%)
1º ESO C	30	0	30 (100%)
TOTAL	90	2 (2%)	88 (98%)

En primeiro da ESO os grupos tiveron, respectivamente, 29, 31 e 30 alumnos/as con niveis iniciais bastante dispares con predominio do baixo e do intermedio. Desde o comezo de curso apreciouse un traballo previo insuficiente de áreas como o léxico (eivas importantes no campo do parentesco, os animais, os numerais, etc. e abundantes castelanismos), a morfoloxía (dificultades considerábeis na conxugación verbal, uso de tempos compostos, erros nos pronomes persoais) e un desenvolvemento da expresión escrita e oral inferior ao esperado, aspectos que tentaron reforzarse mediante a realización de diversas actividades ao longo do curso escolar.

Leváronse a cabo adaptacións para NEAEs e NEEs nos seguintes casos:

- Significativas (ACS): dous alumnos de 1ºESO A.
- Non significativas (adaptación de probas de avaliación en formato e tempos e apoio da PT en aula): catro alumnas en 1º ESO A ademais dos alumnos anteriormente citados, dous alumnos en 1º ESO B e un alumno en 1º ESO C. Neste último grupo tamén houbo un alumno de incorporación tardía exento de Lingua Galega que recibiu seguimento regular e adaptación de actividades cando foi necesario.

Para rematar, na avaliación tivéronse en conta, como establecido na programación, as probas escritas (60% contidos xerais e 10% comprensión lectora e expresión escrita), a competencia oral (10%) e o traballo individual (20%).

Os contidos non impartidos en 1º da ESO son os seguintes:

- A vestimenta
- O vasco e o catalán (tratáronse de forma superficial cando se falou sobre as linguas de España)
- A entrevista
- Uso de C, Z, Q, CT, CC
- A linguaxe non discriminatória
- Os medios de transporte
- Palabras invariábeis: o adverbio e a preposición
- A puntuación

2º ESO

GRUPO	TOTAL ALUMNADO	ALUMNADO SUSPENSO	ALUMNADO APROBADO
2º ESO A	22	0	22 (100%)
2º ESO B	29	4 (14%)	25 (86%)
2º ESO C	31	0	31 (100%)
2º AGRUPAMENTO	7	1 (14%)	6 (86%)
TOTAL	89	5 (6%)	84 (94%)

• 2º ESO A / C

Nos grupos de segundo da ESO o nivel de partida foi lixeiramente superior ao de primeiro, aínda que cómpre ter en conta que en segundo A o alumnado con máis dificultades xa fora derivado previamente ao agrupamento flexíbel. Con isto o grupo de referencia pasou a contar con vinte e dúas alumnas/os, dúas das cales estaban exentas na materia de Lingua Galega e tamén gozaron de seguimento individualizado.

Coa excepción das dúas alumnas exentas, ningún alumno ou alumna de segundo curso precisou adaptacións e os resultados foron, polo xeral, bos.

Cómpre destacar que a miña ausencia durante dous períodos medianamente prolongados no primeiro e terceiro trimestre e a consecuente adaptación das docentes que me substituíron provocaron unha demora na impartición de contidos; como pode verse na relación anterior, finalmente ficaron sen traballar en ambos os niveis algúns máis dos que correspondería habitualmente.

Para rematar, na avaliación tivéronse en conta, como establecido na programación, as probas escritas (60% contidos xerais e 10% comprensión lectora e expresión escrita), a competencia oral (10%) e o traballo individual (20%).

Os contidos non impartidos en 2º ESO A e 2º ESO C foron os seguintes:

- O cine e o teatro
- A radio e a televisión
- A frase
- A variedade estándar
- O galego no ámbito local
- Os textos xornalísticos: a noticia

- **AGRUPAMENTO 2º ESO A**

Grupo de 4 alumnas e 3 alumnos (un deles incorporouse no segundo trimestre) con distintas dificultades de aprendizaxe. Malia isto, grazas ao seu traballo e aos beneficios que ten ser un agrupamento, puideron seguir o mesmo ritmo de traballo e contidos que o grupo de referencia.

Actitudinalmente, cómpre salientar que había dúas alumnas que interrompían as clases con asiduidade. Acadaron resultados diferentes, unha supera a materia e a outra non. E, en xeral, habería que reforzar a oralidade e o uso da lingua.

Unha alumna tiña a materia pendente de 1º da ESO e conseguiu aprobala.

- **2º ESO B**

Grupo moi numeroso, formado por 29 discentes dos cales 2 non asistían a clase (absentismo). Todos os luns, Montse, a PT, entraba na aula para supervisar, sobre todo, o alumnado con NEAE.

A característica fundamental deste alumnado foi a súa conduta negativa habitual (que se intentou solucionar mediante estratexias como cambios de sitio ao longo do curso) e que, ás veces, entorpecía o desenvolvemento satisfactorio da aula.

Outros aspectos negativos que cómpre destacar son o nulo emprego da lingua da materia de xeito espontáneo por parte practicamente do 100% do alumnado, así como a falta total de hábitos de estudo e escaso traballo. Isto, unido ao comportamento anteriormente mencionado, fixo que os resultados do grupo fosen baixos malia simplificar moito a materia.

Había 4 persoas coa materia pendente, dúas non se presentaron (absentismo), unha recuperou a materia e a outra non (alumno que vai para a FP básica).

Debido á ratio elevada e ás dificultades de ensino-aprendizaxe que foron xurdindo ao longo do curso, nestes dous grupos de 2º ESO houbo unha serie de contidos que non se traballaron, fundamentalmente actividades iniciais de comprensión lectora e relativas ao bloque de coñecemento da lingua, os distintos tipos de textos, vocabulario, algunha cuestión de puntuación e algunha cuestión de sociolingüística. Son os que se detallan a continuación:

- Definición do xénero xornalística da «noticia». Os titulares e as portadas.
- A alimentación.
- Diarios, blogs e cartas persoais.
- A diversidade social, cultural e a paz.
- A revisión e presentación de textos escritos.
- A solicitude.
- A comunicación non verbal.
- O noso contorno.
- Os servizos de normalización lingüística. Toponimia e antroponimia.
- Os textos expositivos. O folleto.
- Mecanismos de cohesión textual: anáfora, substitución e elipse.
- A radio e a televisión.
- O galego na súa contorna. A transmisión lingüística.
- A procura de información na rede e nas bibliotecas.
- O galego no ámbito educativo.
- O parentesco.

- Os dous puntos e os puntos suspensivos.
- Os textos académicos (enciclopedias e dicionarios).
- O tempo cronolóxico.
- Parénteses, comiñas e apóstrofo.

- **Exención de francés 2º ESO A**

Grupo de tres alumnos (dous deles repetidores e unha exenta en Lingua Galega) cos que se pretendía, en primeiro lugar, crear un clima de confianza onde se sentisen cómodos para que puidesen traballar, fundamentalmente de xeito oral, así como para favorecer a integración e iniciación en lingua galega da alumna que viña de Latinoamérica.

As clases baseábanse en potenciar a oralidade tanto con contidos vistos na materia de LGL, como mediante prácticas de gramática contrastiva coa lingua castelá. Puntualmente, tamén se permitía reforzar contidos doutras materias, sobre todo, en épocas de exames.

Oratoria 2º ESO

GRUPO	TOTAL ALUMNADO	ALUMNADO SUSPENSO	ALUMNADO APROBADO
Oratoria 2º ESO	14	0	14

Este era un grupo moi proactivo, que funcionou moi ben na aula (bo ambiente, boa disposición) o que nos permitiu enrolarnos en proxectos cuxa preparación excederon o horario de aula (recital poético teatralizado). Todo isto púidose facer grazas á colaboración das familias que lle permitiu a este alumnado preparar a función en horario de tarde.

Nesta aula contamos cunha aula que durante o 2º e o 3º trimestre estivo ingresada e contaba con atención domiciliaria. As circunstancias do seu ingreso leváronnos a ter que desbotar o uso de audios e vídeos (só se usaron nunha das tarefas, cando experimentou unha leve melloría). Ao non poder empregar estes instrumentos de avaliación optamos por traballar os textos discursivos e argumentativos pero de maneira escrita.

Os contidos foron impartidos na súa totalidade.

Non hai propostas para a revisión desta programación pois para coa nova lei esta materia desaparece, nas condicións en que se impartía até o momento.

3º ESO

GRUPO	TOTAL ALUMNADO	ALUMNADO SUSPENSO	ALUMNADO APROBADO
3º ESO A	22	6 (27%)	16 (73%)
3º ESO B	26	11 (42%)	15 (58%)
3º ESO C	29	3 (10%)	26 (90%)
TOTAL	77	20 (26%)	57 (74%)

- **3º ESO A / B**

En 3º ESO A o grupo estaba composto por 27 alumnas e alumnos. Deles, cinco estaban exentos da materia de Lingua galega por se ter incorporado ao sistema educativo galego, procedentes do estranxeiro, ao longo do curso. En xeral, era un grupo de comportamento correcto, pero con pouco hábito de estudo e de traballo e sen demasiado interese pola materia. Ao final de curso aprobaron a maioría, pero con notas bastante baixas. Non había alumnado coa materia pendente de 2º ESO.

En 3º ESO B o grupo formábano 26 alumnos. Se exceptuamos un pequeno número de persoas motivadas e con interese polos estudos, a gran maioría amosou bastante desinterese pola materia. En dous casos, podemos falar de absentismo escolar. Había sete alumnos con materia pendente de 2º ESO dos que aproban catro.

En ambos os grupos o nivel do alumnado era bastante baixo, con carencias importantes nos aspectos morfolóxicos e léxicos.

Tanto en 3º ESO A como en B, traballáronse case todos os contidos, agás os do tema 9 que, por falta de tempo, non se puido dar.

- **3º ESO C**

O grupo tivo en xeral interese polos contidos e participaba activamente en todo o proposto. Houbo un grupiño pequeno de alumnos con dificultades académicas, pero todos traballaron dentro das súas posibilidades. Houbo unicamente un alumno cun comportamento prexudicial para o normal desenvolvemento da clase nalgunhas ocasións que foi amoestado puntualmente.

Había dúas alumnas coa materia pendente de 2º que realizaron exercicios de repaso por trimestres ademais do exame correspondente e lograron superar a materia.

Actividades complementarias realizadas polo grupo:

- Centenario Luz Pozo Garza. Elaboración da biografía da autora e selección de fotos, poemas e libros cos que se realizou unha exposición no vestíbulo do instituto.
- Palabra do Ano 2022. Elaboración por grupos de carteis coas seis palabras finalistas.
- Postais de Nadal. Deseño de postais que foron enviadas a residencias de maiores de Vigo.
- Día de Rosalía. Participamos na proposta da AELG #cumpriuseaxustiza e elaboraron por grupos carteis con guerras actuais e migracións e compúxose un mural no vestíbulo do instituto xunto aos libros da autora. Ademais asistiron á charla-coloquio de Jasper Nao e Patty Castro titulada “Rosalía de Castro na música actual”.
- I Semana da Ciencia do IES Santa Irene. Elaboración de fichas de mulleres científicas para completar unha táboa periódica cos seus nomes. Tarefa en colaboración coa biblioteca escolar.
- Charla-coloquio “Música e evolución” de Pablo Carpintero e Rosa Sánchez. Promovido co departamento de Música.
- Excursión a Celanova. Roteiro literario onde leron poemas de Celso Emilio Ferreiro e Manuel Curros Enríquez, visitaron a Casa dos Poetas, Vilanova dos Infantes e Castromao entre outras actividades. Actividade realizada co departamento de Música.

Oratoria 3º ESO

GRUPO	TOTAL ALUMNADO	ALUMNADO SUSPENSO	ALUMNADO APROBADO
Oratoria 3º ESO	21	1	20

O curso estaba formado por alumnado con certas carencias, a nivel académico, e certa desmotivación cara aos estudos, que atopaba, nunha materia eminentemente práctica, un refuxio para participar de maneira máis activa na súa formación, o que os motivou bastante.

Nesta aula contaba con tres estudantes exentos de lingua galega. Un deles estivo pouco tempo nas aulas, xa que se foi a outro centro. Outra, levaba xa un curso aquí e as aulas de oratoria servíronlle para afianzar a súa oralidade. Todos os súas expresións na aula se produciron en lingua galega tendo en conta que nunca se permitía levar ningún tipo de apoio escrito. A última destas alumnas xa se incorporou á aula na 2ª avaliación, e a

maioría das súas manifestacións se producían en castelán, aínda que nas presentacións públicas si se lle permitiu a lectura en galega.

Só se realizou unha modificación na programación com respecto ás actividades que estaban previstas. Foi debido a que para realizar os podcast contabamos con que a radio do instituto estivera montada pero, logo de probala, comprobamos que había moito eco e decidimos substituíla por outra actividade.

Por outra banda, tamén movemos ao principio do curso os contidos referentes á comunicación non verbal así como á dicción. Fixémolo porque nos parecía máis apropiado presentalos desde o inicio para que a rapazada puidese ir integrándoos ao longo do curso, mais tamén, porque durante o primeiro trimestre contamos cun taller de voz e corpo impartida pola profesora Nuria Inglada.

Pensamos que o feito de comezar o curso traballando a linguaxe non verbal favorece o xogo, a distensión da clase e crea un clima propicio para que solten e poidan crear un espazo seguro no que probar e experimentar maneiras propias de estar en público. Por iso, intentaremos introducir esta modificación na programación.

4º ESO

GRUPO	TOTAL ALUMNADO	ALUMNADO SUSPENSO	ALUMNADO APROBADO
4º ESO A	23	0	23 (100%)
4º ESO B	22	0	22 (100%)
4º ESO C	28	6 (21%)	22 (79%)
TOTAL	73	6 (8%)	67 (92%)

A profesora deste nivel tivo que adaptarse ao distinto ritmo de aprendizaxe dos alumnos e houbo un grupo, 4º ESO C, no que custou máis, xa que o nivel era baixo e había bastante alumnado moi desmotivado co que foi difícil conectar. Nos outros dous grupos, A e B, o traballo foi máis doado e o interese e a motivación fixeron que os resultados fosen moi bos.

En canto ao temario, nos tres grupos quedou sen dar o tema 9, do que só deu tempo a explicar as oracións coordinadas e os seus tipos.

1º Bacharelato

GRUPO	TOTAL ALUMNADO	ALUMNADO SUSPENSO	ALUMNADO APROBADO
1º BAC. A	27	2 (7%)	25 (93%)
1º BAC. B	22	4 (18%)	18 (82%)
1º BAC. C	23	12 (52%)	11 (48%)
1º BAC. D	23	4 (17%)	19 (83%)
1º BAC. E	27	7 (26%)	20 (74%)
TOTAL	122	29 (24%)	93 (76%)

- **1º Bacharelato A / B / C**

En 1º Bac. A e B o alumnado, en xeral, realizaba as tarefas cotiás, lía os libros e preparaba os exames. De aí a alta porcentaxe de aprobados.

A situación en 1º Bac. C foi ben distinta, xa que coincidiu no grupo un elevado número de repetidores e alumnado pouco motivado e sen interese polos estudos. Isto explicaría a gran cantidade de persoas que non superan a materia.

Canto aos contidos, só quedou incompleto o tema 16, xa que non se explicou o teatro e a prosa do século XIX.

- **1º Bacharelato D / E**

En xeral o nivel académico non era o desexable en alumnado de bacharelato, apreciándose grandes eivas nun 15%. Poucos son os que participan na aula cando se pregunta e se lles piden certas tarefas, resístense a tomar apuntamentos durante as clases, a pesar de que se lles pide; insisten en consultar bibliografía en castelán para calquera traballo, nomeadamente a Wikipedia; estudan o día anterior ao exame ou veñen sen estudar. Aprecio pouca motivación cara á materia.

Desenvolvéronse os contidos previstos na programación agás o tema derradeiro que non se completou. De Eduardo Pondal e Manuel Curros Enríquez só se trataron as liñas temáticas das súas obras a través do comentario dos poemas “Os pinos”, do primeiro, e “Os maios” e “Na chegada a Ourense da primeira locomotora”, do segundo.

Non se falou dos poetas seguidores dos tres grandes do Rexurdimento, nin case dos autores que publicaron prosa e teatro.

Actividades complementarias realizadas:

- Postais de Nadal. Deseño de postais que foron enviadas a residencias de maiores de Vigo.
- Día de Rosalía. Asistiron á charla-coloquio de Jasper Nao e Patty Castro titulada “Rosalía de Castro na música actual”.
- Charla de Manuel Núñez Singala “ A lingua galega: unha oportunidade”.
- Charla do profesor da USC Bran Barral “O sistema electoral español”.
- Concurso de recitado poético “Rosalía sempre viva” promovido pola Casa-Museo Manuel María. Dous alumnos de 1º E participan recitando os poemas “Tecín soia a miña tea” e “Xan”.
- Charla de Borja Alonso de *Orgullo Galego* titulada “O galego nas redes sociais”.

1º Bacharelato adultos

GRUPO	TOTAL ALUMNADO	ALUMNADO SUSPENSO	ALUMNADO APROBADO
1º Bac. F	18	8 (44%)	10 (56%)

No presente curso impartíuse docencia a un grupo de 1º de Bacharelato formado por 18 alumnos/as. As unidades programadas foron axustadas ás necesidades deste grupo, polo que incidimos moito nos contidos que reforzaban a competencia oral e escrita coa creación de textos propios, entrega periódica de comentarios de textos literarios e non literarios, traballos grupais feitos na aula: gravacións de recitados poéticos, análise e comprensión de textos periodísticos, etc. Incidiuse regularmente na produción de exposicións orais do libro de lectura, creación de descrições, narracións, diálogos, textos argumentativos e expositivos, etc.

As unidades referidas ao estudo da lingua e sociedade, así como a educación literaria foron introducidas dende a primeira avaliación para ofrecer dende o primeiro momento un contexto histórico-literario necesario para entender a evolución da nosa lingua. Deste xeito non se puido afondar en todas as etapas e resaltamos os grandes períodos e os máximos representantes deles.

As fichas de reforzo ortográfico e léxico-semántico axudaron a mellorar a competencia escrita.

Os resultados académicos non foron moi positivos xa que un número importante de alumnos non asistiu regularmente ás clases. Superaron a materia 10 alumnos/as e dos 8 suspensos ningún se presentou á proba extraordinaria.

2º Bacharelato

GRUPO	TOTAL ALUMNADO	ALUMNADO SUSPENSO	ALUMNADO APROBADO
2º BAC. A	22	1 (5%)	21 (95%)
2º BAC. B	16	0	16 (100%)
2º BAC. C	18	2 (11%)	16 (89%)
2º BAC. D	20	1 (5%)	19 (95%)
2º BAC. E	14	1 (7%)	13 (93%)
TOTAL	90	5 (6%)	85 (94%)

- **2º Bacharelato A / C**

En xeral o alumnado amosou bo comportamento e seguiu as clases con normalidade desde principio de curso, outros foron mellorando a medida que avanzaba e algúns, os menos, non se sentiron motivados e decidiron abandonar a materia.

Había 5 alumnos e alumnas coa materia pendente de 1º bacharelato, catro de A e un de C. Realizaron exercicios e mais un exame cada trimestre. Catro aprobaron a materia na convocatoria ordinaria e un na extraordinaria.

Desenvolvéronse os contidos previstos na programación agás os temas 11 e 12 de literatura, que se refiren á narrativa e ao teatro de derradeiro terzo do século XX e principios do XXI, por falta de tempo, aínda que lles foron proporcionados resumos deses temas a través da aula virtual, ademais de quedar á disposición do alumnado para aclarar calquera tema.

Había 5 alumnos e alumnas coa materia pendente de 1ºbacharelato, catro de A e un de C. Realizaron exercicios e mais un exame cada trimestre. Catro aprobaron a materia na convocatoria ordinaria e un na extraordinaria.

Actividades complementarias:

- Charla de Maruxa Álvarez de la Granja da USC “Cortegal. Corpus de textos galegos escritos por estudantes no ámbito académico”.
- Charla de Manuel Núñez Singala “A lingua galega: unha oportunidade”.

- **2º Bacharelato B / D / E**

2º BAC B: Titoría formada por 16 alumnas e alumnos. Un grupo excelente tanto a nivel de resultados, como de traballo, como de comportamento. Como é de imaxinar obtiveron distintas cualificacións na materia, pero conseguiron superala todos os discentes.

2º BAC D: Neste grupo, formado por 20 alumnos e alumnas, un deles non asistiu a clase en todo o trimestre nin se presentou a ningún dos exames. É a única persoa da clase que non supera a materia.

2º BAC E: Malia ser o grupo máis pequeno (14 discentes), foi o máis frouxo academicamente, aínda que tamén o máis vivaz nas aulas. Apreciamos unha falta de traballo que se viu reflectida nos resultados académicos. Un dos alumnos non consegue superar a materia na avaliación extraordinaria. Nesta clase estaban os 4 alumnos coa materia pendente de 1º BAC que conseguiron recuperala.

Por último, queremos engadir que en todos os grupos de bacharelato se cumpriu coa programación, mais coa falta de profundidade nos contidos derivada do ritmo frenético propio deste curso.

2º Bacharelato adultos

GRUPO	TOTAL ALUMNADO	ALUMNADO SUSPENSO	ALUMNADO APROBADO
2º Bac. F / G / H	68	28 (41%)	40 (59%)

Nos tres cursos de 2º Bacharelato de adultos axustámonos á programación acordada polo Departamento, de maneira que todo o alumnado puidese preparar con todas as garantías as probas da ABAU unha vez finalizado o curso. Impartimos a Literatura, Sociolingüística e Gramática nas tres avaliacións.

O bacharelato de adultos confórmano un alumnado cunhas características propias que convén comentar. A maior parte provén do bacharelato diúrno no cal obtiveron resultados bastante negativos, chegando a repetir máis dunha vez. A desmotivación ás veces supón unha barreira difícil de superar, polo que ás veces atopámonos con abandono do curso.

Noutros casos, trátase de alumnado que compaxina o traballo cos estudos. En todos estas situacións, sempre intentamos animalos e ofrecemos medidas de reforzo para conseguir que finalicen con éxito o curso. Entre elas destacamos:

- Exposicións orais: pequenas intervencións para mellorar a oralidade e a comprensión de textos literarios e non literarios.
- Tarefas complementarias para mellorar a produción de textos: comentarios literarios, textos argumentativos e expositivos, descricións, narracións, etc. Son alumnas/os que manexan pouco vocabulario e teñen dificultades de expresión. A creación textual axudounos a mellorar a competencia lingüística e, sobre todo, a aumentar a súa autoestima.
- Actividades de comprensión lectora dos libros seleccionados para a lectura individual. Aconsellouse a aquel alumnado con dificultades de comprensión unhas lecturas guiadas pola profesora para que puideran superar con éxito a proba esixida. Tamén realizamos audios onde facían unha valoración persoal da lectura.
- Fichas de reforzo de ortografía: é un alumnado que comete bastantes erros ortográficos. Con respecto aos resultados obtidos, comprobamos que os resultados negativos proveñen de alumnos/as que non se presentaron aos exames e deixaron de asistir ás clases. Pola contra, a meirande parte do alumnado que asistiu regularmente ás clases e realizou todas as actividades de reforzo, superaron a materia.

Educación Secundaria de adultos

GRUPO	TOTAL ALUMNADO	ALUMNADO SUSPENSO	ALUMNADO APROBADO
ESA IV 1º cuadrimestre	20	12 (60%)	8 (40%)
ESA IV 2º cuadrimestre	19	6 (32%)	13 (68%)

Impartimos dous cursos de ESA IV entre o primeiro e segundo cuadrimestre. Os resultados foron bastante uniformes nos dous casos. O alumnado do primeiro trimestre proviña de diferentes nacionalidades e tiña un nivel moi baixo de competencia lingüística. Axustamos a programación ás necesidades do alumnado priorizando a oralidade con debates, xogos didácticos e exposicións orais. A comprensión e creación de textos escritos traballouse regularmente con lecturas na aula e actividades relacionadas cos

textos escollidos, principalmente xornalísticos, moi conectados coa actualidade. Para a produción de textos propios intentamos seleccionar aquelas producións relacionadas coa vida cotiá como correos, textos presentes nas redes sociais, textos administrativos, etc. Fixemos unha selección de lecturas que provocaran o gusto e interese polas obras escollidas e os seus autores/as. Foi necesario incluír actividades didácticas relacionadas coa autoestima e as relacións sociais para mellorar a participación activa e a comunicación entre eles/elas, pois estaban moi pechados e remisos a relacionarse. Porén, a falta de asistencia a clase e a non presentación ás probas provocou unha valoración negativa de 10 dos 20 matriculados.

No segundo cuatrimestre o alumnado viña máis motivado e buscaban a titulación co ánimo de continuar co bacharelato ou con ciclos específicos. Seguimos coa programación do primeiro trimestre e obtivemos un traballo moi gratificante. foi moi regular e a participación na clase moi activa. Superaron o curso 13 dos 19 alumnos matriculados. Os valorados negativamente debeuse ao abandono das materias, ou ben á non realización dos exames ordinarios e extraordinarios.

4. Propostas de mellora.

- Intentar, se houberse profesorado especialista na materia, ter agrupamento en 1º e 2º de ESO cun número reducido de alumnado acorde coa finalidade para a que están pensados os agrupamentos.
- Cómpre reforzar a expresión oral e escrita. O alumnado apenas utiliza a lingua galega de xeito oral e ten serias dificultades cando chega ao centro á hora de resumir un texto, identificar ideas principais ou redactar textos. Tamén sería importante centrarse na comprensión textual, tanto a nivel oral como escrito. Reforzando esta parte da materia, sobre todo na ESO, conseguimos mellorar as súas competencias e, polo tanto, facilitaremos o camiño para a adquisición de novos contidos en cursos superiores.



Asinado: M^a Pilar Gómez Fernández (xefa de departamento)